

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010  
Galicia**FICHA RESUMO****PE 403A 2010/22-5**

<b>Ano</b>	2011
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE ALDÁN-HIO
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE NAVALLA E LONGUEIRÓN
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE

<b>Especies</b>	Navalla ( <i>E.arcuatus</i> ) e longueirón ( <i>E.siliquia</i> )
<b>Ambito do plan</b>	De punta Alada a punta Morcegos cara ao interior da ría.
<b>Subzonas de explotación</b>	<p><b>Área 1 - AREA BRAVA</b> : de Punta Alada a Punta Corveira GAL 10/04 PO156 - Areabrava I e II</p> <p><b>Área 2 - PINTÉNS</b>: dende Punta Corveira a Punta Testada. GAL 10/04 PO 155 - Pta. Corbeira PO 154 – Pta. Pintens PO 153 – Pta. Ameixide PO 152 – Ameixide + Correlo PO XXX - pendiente de definir y denominar</p> <p><b>Área 3 - VILARIÑO</b>: dende Punta Testada a O Con. GAL 10/03 PO 151 - Arneles PO 150 - Vilariño PO 149 – O Con</p> <p><b>Área 4 - AREA COVA</b>: Dende o Peirao a Francón. GAL 10/04 PO 148 – Pena Rubia + Cova Balea</p> <p><b>Área 5 - MENDUIÑA</b>: Dende Francón ata Punta Niño do Corvo. GAL 10/04 PO 147 - Area Cova (Francón+Area Cova) PO 146 - Menduiña PO 145 - Niño do Corvo</p> <p><b>Área 6 - LAXE DO AIRE</b>: De Pta. Niño do Corvo a Pta. Morcegos GAL10/01 PO 144 – Laxe do Aire</p>

**Participantes no plan de explotación****Número de permex/persoas autorizadas**

Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores/habilitacións
	4	10

**Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup>**

Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
		<b>Non</b>

**Calendario de explotación****Días máximos de extracción** 200**Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup>** : de xaneiro a decembro cunha veda para a navalla entre febreiro e marzo, e para o longueirón entre abril e maio. (ver consideracións)**Modalidade<sup>(3)</sup>**: mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie

	xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agos	set	outub	nov	dec
navalla	X			X	X	X	X	X	X	X	X	X
longueirón	X	X	X			X	X	X	X	X	X	X

**Topes de captura por mergullador enrolado e a bordo/día**

Especies	unha especie	dúas especies
Navalla	15 kg	10 Kg de cada especie
Longueirón	15 kg	10 Kg de cada especie

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos MariñosRúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25XACOBEO 2010  
Galicia**Arte ou técnica de extracción** | Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie.**Puntos de control** | Embarcación de vixilancia e lonxa de Aldán  
**Puntos de venda** | Lonxa de Aldán

Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>												
Zonas:												
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
<b>Sementeiras</b>				X	X	X			X	X		
Zonas: ámbito do plan												
Especies: navalla e longueirón												
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
<b>Limpezas e arados</b>							X	X	X	X		
Zonas: Limpeza de fondos en Area Brava, Pinténs, Vilariño e Mendiña												

**Outras consideracións**

**Ámbito e zonas de extracción:** Este plan abarca os mesmos límites que os anos anteriores pero, debido á reclasificación de zonas GAL, pola Orde do 19 xullo de 2010, a entidade propón a división de zonas nas áreas sinaladas nesta ficha.

**Participantes:** en anos anteriores había 6 embarcacións (15 tripulantes); para o ano 2009 e 2010 o número de embarcacións e tripulantes incluídos no plan é de 4 embarcacións e 10 mergulladores (3 prazas vacantes). No listado presentado obsérvase a seguinte incidencia: a

.....

**Calendario de extracción e rotación de zonas:** Acéptase a proposta de 200 días de extracción o ano. A entidade propón unha veda para a navalla de 2 meses (febreiro e marzo) e para o longueirón tamén de 2 meses (abril e maio).

Ata o ano 2007 as subzonas de explotación dividíronse en 5 áreas cun calendario de explotación rotatorio. Sen embargo, esta rotación resultou desnaturalizada debido á fusión de zonas, a creación de zonas de reserva e os días de compensación de zonas. Polo que optamos por non definir un calendario anual, determinándose na apertura mensual a zona máis adecuada para ser explotada.

Poderá facerse a apertura simultánea das áreas 1 - 2 e 4 - 5, sempre que se se realice un control rigoroso do nº de días traballado en cada zona e se separen as capturas por áreas.



En todo caso , e co fin de realizar unha explotación equilibrada en tódalas zonas, o numero máximo de días recomendado en cada zona será o seguinte :

- Area 1 (20 días) + Area 2 (40 días): 60 días
- Area 3: 50 días
- Area 4 (38 días) + Area 5 (37 días): 75 días
- Area 6: 15 días

**Cotas máximas de captura:**

Acéptanse as cotas máximas propostas pola confraría de 15 kg/mergullador/día, tanto para a navalla coma para o longueirón cando se extrae unha especie. Dacordo coa evolución do estado do recurso a cota poderá verse reducida.

Para o caso de extracción simultánea de navalla e longueirón, fíxase unha dobre cota de 10 kg de navalla e 10 kg de longueirón.

**Horario de traballo:** é de 8:00 a 14:00, de conformidade co autorizado para marisqueo dende embarcación segundo o establecido no artigo 115 do Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

O plan presentado para o ano 2011, ao igual que sucedía no ano anterior, recolle no apartado de **observacións xerais (2.6)** que "para que un mergullador poda ser incluído neste plan, será condición indispensable que esté incluído no plan de seguridade", non facendo referencia algunha á exclusión de embarcacións. Pero á vista do exposto anteriormente, **o que si podería establecer é que non poderán desenvolver a actividade sen estar incluídos no plan de seguridade**, pero esa inclusión pode ser por un tempo determinado e non obrigatoriamente por toda a vixencia do plan.

Non se acepta a condición establecida no apartado de observacións xerais (2.6) para que un mergullador poda estar incluído no plan. Os plans de explotación son ferramentas para a xestión da explotación na que se recolle a planificación da actividade extractiva e as medidas para unha explotación sostible. Cando se trate da extracción de recursos dentro dun plan de explotación, a autorización para realizar o mergullo é concedida coa aprobación do plan para a zona e período de vixencia do mesmo, debendo a entidade presentar a aprobación para efectos de seguridade que da a Capitanía Marítima correspondente (Orde de 13 de xuño de 2001, pola que se modifica a do 23 de abril de 1999, pola que se regula o exercicio do mergullo profesional). Isto non exclúe a aprobación dun plan de explotación con participantes que por diversas causas non exercen a actividade durante todo o período de tempo autorizado, sendo necesario que comuniquen cando se incorporan á actividade extractiva e correspondendo a súa inclusión na autorización da Capitanía Marítima.

**Remisión de datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente á delegación correspondente, seguindo as instrucións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Plan de control:**

No caso particular do emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010  
Galicia

que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os cupos de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose un ticket nominativo.

**Actividade mergullo:**

O informe da actividade de mergullo de data 12.11.2010 indica que se poden autorizar as inmersións necesarias para a execución do plan, sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente.

Mergullo en apnea: máximo 10 metros

Mergullo con subministro de aire dende superficie: máximo 12 metros, cun tempo total no fondo que non requira a realización de paradas de descompresión.

**Coa primeira solicitude de apertura** deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola Capitanía Marítima correspondente.